

A TODOS OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DA SEGURIDADE PRIVADA

Como seguramente xa saberedes todos e todas as traballadoras do sector, finalmente a tan anunciada folga no sector da seguridade privada foi convocada en solitario pola UGT para os días 29, 30 e 31 de marzo. Nin que dicir ten que a pesar de terlle solicitado reiteradamente a este sindicato as peticións que motivan a convocatória da folga, estas son totalmente descoñecidas, e polo tanto pódese dicir que se vai a unha folga sen saber cales son as demandas que a fundamentan.

Para maior asombro, nesta última semana tivemos coñecemento que as dúas centrais sindicais que apoiaban esta convocatoria de folga (CCOO e USO) se desmarcan, alegando que “os obxectivos que se persiguen non reunen os mínimos esixidos polo sector”. O que quere dicir que os obxectivos da folga si están marcados, pero están sendo ocultados ao conxunto do sector. Esta situación dá lugar a varias preguntas. Cales son eses obxectivos?. Por qué non se fan públicos?. Que foi o que se tratou coa patronal nas xuntanzas “informais” mantidas no mes de marzo?.

Agora nos atopamos cunha convocatoria de folga promovida por UGT, **(se é que finalmente a levan a cabo, cousa que aínda non sabemos)** e non secundada polos seus compañeiros de viaxe nos últimos meses CCOO e USO. Que pasou aquí?. Por qué rachan agora esa ficticia unidade sindical?. A que están xogando?. Nós entendemos que este sector merece un respecto por parte dos que din representalo sindicalmente. O que parece é que a uns e a outros, o único que lles preocupa é perder ou coller, unha mellor posición ante a patronal, e están todos eles mais preocupados polos seus propios intereses e en manter o seu “estatus”, que polos intereses das e dos traballadores.

Desde a CIG imos seguir coa nosa folla de ruta, como vimos facendo desde que romperon as negociacións, con mobilizacións e diferentes actos de protesta nas grandes superficies, na banca, nas diferentes administracións públicas, no transporte de fondos, etc..., e seguir denunciando ante a Inspección de Traballo os incumprimentos do convenio e ante a Unidade de Seguridade Privada a vulneración da Lei de Seguridade Privada.

Dende a CIG, **non podemos apoiar unha folga que pretende conseguir un convénio insuficiente e regresivo** co cal non estamos dacordo. Seguimos preguntando: estades dispostos a ir a unha folga para que nos conxelen o salario no 2009 e posiblemente no 2010?. Ides secundar un paro perdendo poder adquisitivo?. É esta a saída que queremos?. Son obxectivos sérios para ir a unha folga séria?.